

Instrución VI/2005 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela referente á comunicación das modificacións orzamentarias orixinadas na Unidade de Xestión Económica de I+D da Oficina de Investigación e Tecnoloxía

As modificacións orzamentarias que teñen a súa orixe na Unidade de Xestión Económica de I+D, como consecuencia de incrementos ou minoracións de crédito que se producen nas distintas partidas descentralizadas de investigación veñen sendo comunicadas mediante o envío de copia en papel da operación a tres destinatarios:

1. Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería
2. Investigador principal que actuará como director do centro de gasto
3. Responsable de asuntos económicos encargado da xestión do centro de gasto

A carga de traballo que isto orixina, así como a demora na recepción dos documentos, motivaron que se foran dando pasos para automatizar na medida do posible o seu envío e se fixera a transmisión desa información en formato electrónico (arquivo PDF) aos investigadores principais, co obxectivo final de que a transmisión sexa totalmente automática, de xeito que quede incorporada en SICUS e simplemente se comunique a súa emisión. Mentres isto non sexa tecnicamente posible utilizarase un procedemento de comunicación electrónica a todos os destinatarios de acordo co seguinte:

Primeiro.- As comunicacións relativas a modificacións de crédito en partidas descentralizadas que teñan a súa orixe na Unidade de Xestión Económica de I+D emitiranse exclusivamente en formato electrónico, mediante o envío dun arquivo PDF aos Responsables de asuntos económicos e ao Servizo de Contabilidade e Orzamentos.

Segundo.- Os enderezos electrónicos aos que se farán os envíos serán mantidos e actualizados polo Servizo de Contabilidade e Orzamentos, ao cal se lle deberá comunicar calquera cambio de persoas responsables.

Terceiro.- A impresión destes documentos será opcional para os RAE, que poderán optar por conservar os arquivos electrónicos nunha localización determinada.

Cuarto.- O Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería imprimirá os documentos recibidos e xestionará a súa sinatura de acordo coas normas de xestión orzamentaria, e procederá ao seu arquivo documental.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2005
O Xerente en funcións,
Xosé Manuel Villanueva Prieto